



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de técnico de urbanismo 2022-2023

CONVOCATORIA: Curso superior de técnico de urbanismo 2022/23

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	296
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso ten como finalidade que o alumnado adquira os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que lle capaciten para actuar no mundo da ordenación do territorio e do urbanismo e responsabilizarse dos procesos de xestión do solo. Para ese efecto partírase da análise e do estudo pormenorizado da normativa de ordenación do territorio e urbanística, con especial atención á autonómica galega, combinando o estudo dos fundamentos teóricos cunha completa formación práctica que se fai imprescindible neste ámbito.

Web do COAG con toda a información: <http://portal.coag.es>

DESTINATARIOS

O curso está dirixido a profesionais que se encadren nalgunha das situacións seguintes:

1. Persoal empregado público das administracións públicas galegas, pertencente aos seguintes grupos:

- Persoal funcionario: subgrupos A1 e A2.
- Persoal laboral: grupos I e II.

2. Arquitecto/a colexiado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

3. Persoal contratado polas administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, así como profesionais que estean en posesión da titulación de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica ou enxeñería técnica.

PROGRAMA

A estrutura e os contidos do curso son os seguintes:

Bloque I: Contidos troncais:

Comprende un primeiro bloque de materias troncais, obrigatorias e comúns para todo o alumnado, no que se integran os seguintes contidos:

Módulo I: A escala territorial (104 horas).

Módulo II: A planificación e a xestión urbanística (88 horas).

Módulo III: Intervención administrativa na edificación e usos do solo (72 horas).

Cada alumno/a terá que realizar un traballo individual sobre unha materia relacionada coa actividade obxecto do curso. A proposta do/da titor/a e do título do traballo individual deberá ser aprobada previamente pola dirección do curso e será avaliado por un tribunal designado para este efecto.

En cada un dos talleres integrados nestes módulos troncais o alumnado terá tamén que desenvolver durante o período docente traballos en grupo, baixo a dirección dos/das monitores/as dos talleres.

Nunha segunda fase, o alumnado terá que optar entre un dos tres módulos optativos, que estarán adscritos, cada un deles, ás seguintes ramas temáticas:

Módulo IV: Renovación urbana e rexeneración urbanística (32 horas).

Módulo V: Novo procedemento administrativo e contratación pública (32 horas).

Módulo VI: Intervención administrativa e disciplina urbanística (32 horas).

O contido pormenorizado destes módulos optativos publicarase durante o desenvolvemento do curso.

No caso de quedar prazas dispoñibles, permitirase a matriculación independente nestes módulos optativos ao alumnado que non estea matriculado nesta edición 2022/23 do curso.

En paralelo e de forma integrada coa programación dos módulos optativos desenvolveranse sesións de apoio á elaboración dos traballos individuais (8 horas), de titorización interna dos traballos, sesións explicativas complementarias, etc.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A metade das prazas reservarase ao persoal empregado das administracións públicas de Galicia (punto 3.1 das bases da convocatoria). As prazas reservadas ao persoal empregado público que non sexan cubertas unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes poderán ser ocupadas polo persoal descrito nos puntos 3.2 e 3.3 das devanditas bases.

O número de orde establecerase de acordo coa data e hora de presentación de solicitudes.

Unha vez feita a selección publicarase na web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/>) e na web do COAG (<http://portal.coag.es>) a listaxe de persoas pre-seleccionadas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

1. Se as persoas solicitantes se encadran na situación descrita no número 3.1 da convocatoria do curso, deberán achegar certificación pública descritiva das funcións que desenvolven no posto de traballo, expedida pola persoa que realice as tarefas de certificación da Administración en que presta os seus servizos.

2. Se as persoas solicitantes se encadran na situación descrita no número 3.3, deberán achegar orixinal ou copia debidamente cotexada da titulación de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñería, arquitectura técnica ou enxeñería técnica.

O prazo para achegar a documentación coincide coa do prazo de inscrición.

Toda a información respecto do envío da documentación deberá consultarse na web do COAG: <http://portal.coag.es>

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 10/01/2022 a 15/12/2022

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE